

MEMORIA DA BIBLIOTECA

JOSE ÁNGEL VALENTE



IES 12 DE OUTUBRO (Ourense)

CURSO 2018-2019.

DIRIXIDO A:

DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA.

Bibliotecas
escolares
de Galicia



1 INTRODUCCIÓN

Despois da excepcionalidade do curso pasado 2017-2018, no cal a coordinadora da biblioteca, Isolina Luis Torres, se xubilou en xaneiro. Este curso 2018-2019 asumo dende un inicio a coordinación con ánimo e sobre todo con horas de dedicación exclusiva. No exercicio anterior carecía de horas de atención á Biblioteca, agás media hora no recreo do venres onde o traballo de préstamo e devolución ocupaba todo o espazo. O Equipo de Biblioteca, conformado por cinco membros, tampouco tiña horas fóra do recreo.

Grazas o esforzo por parte do equipo directivo, conto na actualidade con tres horas de atención á Biblioteca e o Equipo con varias horas afastadas do recreo, polo tanto este curso non tivemos que agardar ó último trimestre, cando os compañeiros de ciclos formativos asumen horas de biblioteca, xa que os rapaces se incorporan as prácticas nas empresas, para configurar unha atención completa.

De novo, como queda reflectido nas actividades, a nosa Biblioteca foi un lugar de encontro, vivo, dinámico, aberto á comunidade. Levar adiante o traballo dinamizador tamén foi grazas ao empeño persoal e a colaboración de moita xente, alumnos, profesores, pais, que non traballan día a día na Biblioteca pero que fan da mesma un lugar mellor.

O coordinador da Biblioteca: Carlos Pérez Seara.



GARDA BIBLIOTECA 2018-19

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:00- 8:30 BUS					
8:30 - 9:20					
9:20- 10:10	Carlos P. Seara	Carlos P. Seara			Ana Escudero Mª Mar Pereira
10:10- 11:00	Mª Mar Pereira	Carlos P. Seara	Ana Escudero		
Recreo 11:00- 11:30	Belén V. Mazaira	Mª Mar Pereira Luis Ramilo	Mª Elena Ojea Ana Escudero	Pilar Lado Isabel Maceiras	Chus Méndez Luis Ramilo
11:30- 12:20					
12:20- 13:10					
13:10- 14:00					
16:00- 16:50					
16:50- 17:40					



GARDA BIBLIOTECA 2018-19

	Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	8:00-8:30 BUS					
1	8:30 - 9:20					
2	9:20-10:10	Carlos P. Seara	Carlos P. Seara	Luis Ramilo		Ana Escudero M ^a Mar Pereira
3	10:10-11:00	M ^a Mar Pereira	Carlos P. Seara Ana Escudero	Ana Escudero	Luis Ramilo	Ana Escudero
	Recreo 11:00-11:30	Belén V. Mazaira Mar Alvela	M ^a Mar Pereira Luis Ramilo	M ^a Elena Ojea Ana Escudero	Pilar Lado Isabel Maceiras	Chus Méndez Luis Ramilo
4	11:30-12:20	Ans Escudero	Luis Ramilo			Ana Escudero
5	12:20-13:10		Luis Ramilo			
6	13:10-14:00		Luis Ramilo			
7	16:00-16:50					
8	16:50-17:40					

2 GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Organización e xestión.

- Distribución do **carne de usuario** da biblioteca escolar e dunha **guía de normas e servizos** da Biblioteca. Por fin despois de moito tempo conseguimos repartir un carne físico. A guía de normas e servizos foi repartida aos alumnos de 1º de ESO e había algúns exemplares na biblioteca a disposición dos usuarios interesados.



- **Entrega aos xefes de departamento dun formulario** para que comuniquen por escrito ao equipo de biblioteca as necesidades de fondos documentais, as lecturas incluídas no proxecto lector das súas programacións, e calquera demanda que teña que ver coas funcións desta: o formulario foi enviado e varios departamentos comunicaron as súas necesidades de fondos. A biblioteca procurou, na medida do posible, atendela, tendo en conta que a nosa prioridade é, sobre todo, ás lecturas obrigatorias do currículo de ESO e Bacharelato, xa que as condicións sociais e económicas do noso alumnado fan moi necesaria a compensación destas por parte do centro. Os departamentos máis activos foron Galego, Lingua Castelá, Inglés, Latín e Ciencias Sociais.
- **Mantemento dos criterios de devolución de préstamos**, posibles sancións polo incumprimento das mesmas porque temos observado unha perda significativa de fondos todos os anos por esa razón. Igual que o curso pasado foron adicadas

moitas horas de traballo na biblioteca á busca de materiais sen devolver por alumnado e profesorado. De novo decidiuse que nos libros de lectura obrigatoria das distintas materias non se puidesen renovar os préstamos máis aló de 15 días para evitar que fosen retidos polos primeiros alumnos que os collen. Impedindo calquera tipo de préstamo ao alumnado que tivera libros fóra de prazo.

- **Adquisición e catalogación de novos materiais:** Tal e como manifestamos no proxecto, aumentamos de xeito considerable o material audiovisual (48 adquisicións) e os textos en galego, incidindo no ámbito poético e científico, en relación a cursos pasados. Todo foi catalogado no programa Meiga de xestión. Tamén achegamos de xeito puntual novas revistas e iniciamos subscrición en *National Geographic* e *Viaxes National Geographic*.

6

Dinamización de recursos.

- **Traballo na plataforma E-dixgal** por parte do profesorado que imparte no primeiro ciclo da ESO creando material de diferentes materias para mellorar a competencia lectora.
- **Creamos na biblioteca unha sección gamificadora**, comenzando polo xadrez e continuando con xogos como Brain-Box ou Timeline, con éxito rotundo entre o alumnado. En colaboración co Departamento de Ciencias Sociais levamos adiante o proxecto gamificador *A Coroa de Inverno*, vinculado a 2º da ESO. Ver arquivos adxuntos.



- **Catalogación dos fondos** que aínda quedan nos departamentos didácticos: o **departamento de Inglés**, como o curso pasado, entregou fondos que estaban nel para que pasaran á sala da biblioteca. A título persoal Lucía, profesora de Inglés, cedeu libros e películas á Biblioteca incrementando en cantidade e calidade os nosos fondos.
- **Difusión dos recursos dispoñibles**: elaboráronse cada trimestre **paneis informativos** das novidades que chegaron á Biblioteca. Tamén estaba na sala impresa en papel a guía de uso e servizos da biblioteca. Traballamos nas redes sociais Twitter, [@outubristas](#), Instagram, [@bibliotecadoce](#), e publicitamos os nosos pasos no [Facebook](#) do centro. O resultado máis que aceptable.

Biblioteca escolares de Galicia		IES 12 DE OUTUBRO BOLETÍN DE NOTAS - I AVALIACIÓN	
	EDUCACION FÍSICA 7.1		
	HISTORIA 6		
	BIOLOXÍA 7.2		
	LINGUA E LITERATURA 6.2		
	LINGUA ESTRANXEIRA 7.1		
	PLÁSTICA 5.3		
	MATEMÁTICAS 7.1		
	FILOSOFÍA 8		

NOTAS DE FILMAFFINITY.ES

EN DECEMBRO
DESCUBRE AS
ÚLTIMAS
NOVIDADES DE
CINE NA BIBLIO.

- Creamos a figura do alumno/a colaborador. Entre as súas tarefas: axudar á catalogación dos fondos: pegar etiquetas, pór selos nos fondos, escribir os números de rexistro nos fondos; ordear fondos nos andeis; avisar por cursos aos alumnos/as morosos para que devolvan os fondos; ser vínculos entre o resto de alumnado do seu grupo e a biblioteca; achegar as súas propias ideas e suxestións para o mellor funcionamento da biblioteca...

Formación de usuarios

- Reparto da guía de normas e servizos da Biblioteca escolar cun resumo da CDU nos cursos de 1º de ESO. Os primeiros días de curso, os rapaces que se incorporan ó centro baixan a Biblioteca a coñecer a dinámica da mesma e a importancia no día a día na vida do centro. Lugar de encontro e obradoiro de ideas, os máis pequenos captan cedo cal é o concepto da Biblioteca Escolar.
- Tomando como punto de referencia a tecnoloxía sinalar que melloramos moito a prestación dos equipos informáticos na biblioteca. A inicio de curso cambiamos o equipo central e traspasamos o catálogo Meiga a un novo ordenador coa axuda do CAFI. Tamén optimizouse a prestación de servizos dos equipos informáticos empregados polo alumnado. Con todo sinalar neste punto que tamén temos que facer autocrítica, seguimos tendo dificultades para xeneralizar o emprego dos libros electrónicos e no proceso gamificador iniciado este ano non incorporamos videoxogos tal e como propuxemos no proxecto. Malia pasar unha enquisa entre o alumnado, a violencia de moitos dos xogos propostos por eles e as múltiples plataformas dispoñibles, botounos para atrás. Necesitamos un maior coñecemento deste campo e unha reflexión un pouco máis profunda para ofertar algo adecuado e atractivo a un tempo.

Fomento da lectura

- Un dos obxectivos prioritarios do proxecto presentado era obter de novo o Club de Lectura. Por un problema administrativo perdemos os fondos dedicados ó

mesmo no 2017-2018. Recuperalo foi un motivo de alegría sincera para todo o centro.

- Continuamos con éxito coa **Hora de Ler e as Bibliotecas de Aula**.
- Realizamos **múltiples actividades, incidindo nas conmemoracións** destacadas ó longo do curso. A relación detallada das mesmas no seguinte punto.
- **Conseguimos unha maior implicación das familias**. Un exemplo e o **Club de Lectura de Pais** que por primeira vez ponse en funcionamento no centro cun éxito incuestionable.



Entre os textos seleccionados.

I Avaliación

Mendel de los libros de S. Zweig.

La Uruguay de P. Mairal.

II Avaliación

La amiga estupenda de E. Ferrante.

A neta do señor Lihn de P. Claudel.

La Delicadeza de Foenkinos.

III Avaliación

Crimen en Estambul de P. Márkaris.

O derradeiro libro de Emma Olsen de Berta Dávila

- Fomentamos a lectura nos Ciclos Formativos, dándolle continuidade a actividades do curso pasado como **Convértete en Portada**, incrementando os fondos de ámbito técnico na Biblioteca e colaborando coas **Xornadas Emprendedoras** que todos os anos levamos adiante en colaboración cos departamentos de Formación e Orientación Laboral e Economía.

Biblioteca inclusiva.

- Unha das eivas da nosa Biblioteca eran os textos para nenos con necesidades educativas especiais e dificultades no proceso de aprendizaxe. Este curso tentamos incrementar o número de fondos destinado a este alumnado. Para seleccionar os textos traballamos en colaboración con Orientación e ó profesorado que imparte clase en Diversificación. Ver imaxe inferior.

Outras actuacións.

- Renovación dos carteis identificativos das seccións da Biblioteca e reorganización permanente de fondos. Para gañar espazo colocamos enciclopedias nos andeis superiores ata de agora baleiros.




3 ACTIVIDADES

I AVALIACIÓN

-Colaboración co departamento de Bioloxía no **Día da ciencia en galego** no mes de novembro. Adicado a Arquímedes e ó Pórtico da Gloria. Elaboramos, traballando por proxectos, material relacionado coa figura do matemático grego. O máis salientable, un templo grego para difundir a mensaxe do autor grego, e unha versión do seu *Ostomachion* que foi repartida entre todo o alumnado.

11




-Mes da literatura de medo co gallo do *Samaín* en Novembro, cunha **exposición das cabazas** elaboradas polo alumnado.



12

-O Departamento de Imaxe persoal lanza a Actividade **3 libros por cabeza**, durante o primeiro trimestre, consistente no reto de ler 300 libros entre o alumnado e profesorado do ciclo.

-Para **conmemorar o 25 de novembro** propuxemos un concurso no que os rapaces tiñan que elaborar imaxes con bonecas/bonecos que denunciasen a situación de discriminación que vive a muller en múltiples ámbitos. As gañadoras a continuación.





-Participación na actividade **Bibliotecas Vivintes** en colaboración co Concello de Ourense. Unha Biblioteca Vivente é unha biblioteca na que os libros son persoas. Persoas con singulares historias de vida ou que posúen determinados coñecementos e que difunden a súa experiencia a través da interacción, entrevista e diálogo cos usuarios/as. Para ser un Libro non cómpre ser unha eminencia ou recoñecido estudoso, senón contar con experiencia vital ou saberes cos que poder ilustrar a outras persoas que descoñecen e teñen curiosidade. Todos somos potenciais Libros e Lectores.

A Biblioteca Vivente (BV) é un proxecto educativo e cultural que pretende achegar coñecementos ás persoas dun xeito ameno, directo e participativo. É un proxecto de dinamización do coñecemento que convida a indagar e a descubrir aspectos novidosos sobre o tema proposto dende a propia experiencia e dende os propios intereses. Axuda a combater o descoñecemento, ignorancia, prexuizos e estereotipos dunha maneira activa e vivenciada.

Organizada por primeira vez en Dinamarca no ano 2000 e promovida dende o

2001 polo Consello de Europa como ferramenta de educación intercultural, a celebración de Biblioteca Viventes é un fenómeno que comeza a espallarse polo mundo.




-Nadal, participando no **concurso de tarxetas** en colaboración co Equipo de Normalización Lingüística e o Departamento de Debuxo, que foron expostas nos paneis da biblioteca.

II AVALIACIÓN

-**Dillo cun poema**, coa adquisición de poemarios moi demandados polos alumnos, para conmemorar o día dos Namorados. **Reparto de poemas e craveis** ao alumnado por parte dos cupidos da Biblioteca (alumnos colaboradores).



-Concurso **Bookface** a partir de textos que temos na biblioteca rematando as mellores obras nos corredores do instituto. Ver carpeta de imaxes.



-Colaboración e difusión da Semana da Empresa e o Emprendedor organizada polo Departamento de Economía (Secundaria) e Formación e Orientación Laboral (Ciclos Formativos) e celebrada no Salón de Actos do IES.

IV SEMANA DA EMPRESA E O EMPRENDEDOR

Do 4 ao 8 de febreiro de 2019

Luns, 4

ATRÉVETE A EMPRENDER

Montserrat Padrón Saco. Coordinadora de Emprendemento e Titoría de Viveiros de Empresa no CIFP A Farixa.

Martes, 5

DIGITAL BUSINESS

César González. Especialista en Marketing e estratexia dixital.

Mércores, 6

PROLETARIAN RHAPSODY

Xosé Rodríguez Díaz. Asesor xurídico na Confederación Intersindical Galega.

Xoves, 7

O TEU FUTURO; AFRONTA AS TÚAS OPORTUNIDADES

Alejandro Rodríguez Da Silva. Responsable da liña de negocios, selección e servizos de NORTEMPO.

Iria Pérez Salgado. Técnica de selección.

Venres, 8

O AUTOEMPREGO, CATRO EXPERIENCIAS PROFESIONAIS.

Alex Moreira González. Instalador electricista.

José Seoane Alejo. Responsable técnico de Vázquez Arias, Bionergías SL.

Leticia Celaá. Xerente de Leticia Celaá Beauty Lounge.

Todas as conferencias comezarán ás 11:30 h

Bibliotecas escolares de Galicia

-Obradoiro de poesía para alumnos de 4º da ESO con Carlos Negro.



-Visita de Leticia Costas para falarnos dos seus novos proxectos.



17

-Dia da muller traballadora coa exposición de textos pola igualdade.

-Celebrouse o Día de Rosalía coa **lectura pública** no salón de actos de fragmentos da súa obra e a difusión masiva nas redes da imaxe de Rosalía elixida polo centro. Elaboración por parte do alumnado dos **diarios de Rosalía** para regalar ás familias.

-Elaboramos a **Guía de Viaxe a Amsterdam-Bruxelas**, como complemento a excursión organizada polo centro, xunto cunha exposición no segundo andar. Ver material xerado pola Biblioteca.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

12 DE OUTUBRO
Av. de Santiago, 2
32003 Ourense
Teléfono: 988782111

EUROPEAN UNION

VIAXE DIDÁCTICA BRUXELAS-AMSTERDAM 2019

&

Diñeros escolares de cultura



III AVALIACIÓN

-Formamos parte das **Tertulias Literarias do Concello**. Varios centros da cidade participamos na lectura, con 4º da ESO, de dous textos: *Mejor la Ausencia* de Edurne Portela e *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* de Alba Portabales. O obxectivo debater sobre os mesmos, primeiro entre os rapaces dos diferentes institutos e logo coa propia autora.

18



-Dende a Biblioteca e en colaboración do Departamento de Orientación continuamos o proceso de **Mediación escolar** explicado o curso pasado. Tendo como centro de reunión a Biblioteca do Centro. Ver Tríptico en arquivos adxuntos.

-**Commemoramos o Día do Libro con un concurso de Haikus** (poemas curtos xaponenes). O gañador Ángel López de 4º da ESO levou un lote de libros de misterio.

Miro os teus ollos / Latexa o corazón / Chegou o verán

-Buscando a implicación dos ciclos formativos na actividade da Biblioteca, levamos adiante unha actividade moi ambiciosa colaborando con **Imaxe Persoal**. Na actividade, *Convértete en portada*, se trata de plasmar portadas de Libros, Discos, e Películas, substituíndo o protagonista da orixinal polo rostro dun alumno/a ou profesor/a (ver carpeta de imaxes). O resultado, plasmado nunha exposición, foi espectacular!!!!.



-Co gallo do **Día do libro** levamos adiante a actividade **Cita a cegas cun libro**. Cun éxito sorprendente entre alumnado e profesorado.

CITA A CEGAS CUN LIBRO

NA SEMANA DO

23 DE ABRIL NA BIBLIOTECA!!!

LEVA UN!



-Lectura de textos de Antonio Fraguas no **Día das letras galegas** e exposicións de lemas na exposición **Presume de lingua**.

-**Exposición de pintura** dos profesores Luís Ramilo e David Gesto. Ver imaxe inferior na relación de textos do Club de Lectura.

-Participación na **Festa dos maíos** e elaboración de dúas obras co alumnado para despedir a primavera en Ourense. **Gañamos o primeiro premio ó Maio Creativo.**

20




-**Convertémonos en Booktubers** en I de Bacharelato creando vídeos que recomentan lecturas cunha linguaxe informal e cargada de humor. A difusión nas nosas redes sociais e na propia Biblioteca con proxeccións.



-Seguindo a obra do fotógrafo húngaro André Kertész argallamos a exposición **Len do Doce**, onde diferentes alumnos ó longo dos espazos do centro invitan a ler e coñecer as instalacións do instituto. Ver Portada da Memoria e carpeta de imaxes.

-Levamos adiante un proxecto de **Visual Thinking** resumindo en un esquema gráfico algunhas obras significativas da literatura galega contemporánea. A continuación, *O Exército de Fume* de Manuel Gago.



-Continuamos coa aplicación do calendario da **Hora de Ler**, e difusión entre o profesorado e alumnado. Seguimos mantendo os vinte minutos de lectura diaria ó principio da hora de clase programada. Como estes anos, a *Hora de Ler* foi rotando ó longo dos seis períodos lectivos da mañá, e realizouse en toda a ESO.

-Mantemento das **Bibliotecas de Aula** do primeiro ciclo da ESO. Neste punto temos o problema do deterioro de material, e perda dalgún texto. O seu uso é diario para consultas puntuais, procura de información, lecturas persoais e lectura grupal.

-Continuidade do **Club de Lectura e os Roteiros Literarios** (*A Esmorga, O bosque animado, Poetas no Monte Pindo*) que veñen funcionando no centro desde hai varios anos, con dous grupos, un para o primeiro ciclo da

ESO e outro para profesorado e persoal non docente. O coordinador Luca Rosato profesor de Lingua Castelá.

- **1º ESO:**

Omnia, Laura Gallego
Coraline, Neil Gaiman
Donde los árboles cantan, Laura Gallego
Your name, Makoto Shinkai
Hoyos, Louis Sachar
Cornelia Funke, Corazón de tinta

- **2º ESO:**

Cartas de invierno, Agustín Fernández Paz
Barrio Lejano, Jiro Taniguchi
El chico de la flecha, Espido Freire
Mi verdadera historia, Juan José Millás

- **3º ESO:**

Aire negro, Agustín Fernández Paz
Novela gráfica: Barrio lejano
Mi hermana vive debajo de la repisa de la chimenea, Annabel Pitcher
O segredo da casa de Formoso, Héctor Cajaraville
Mi verdadera historia, Juan José Millás

- **4º ESO:**

Nada, Janne Teller
Reencuentro, Fred Uhlman
O derradeiro libro de Emma Olsen, Berta Dávila

- **1º BAC:**

Mendel el de los libros, Stefan Zweig
Ya no quedan junglas adonde regresar, Carlos Augusto Casas
Siempre hemos vivido en el castillo, Shirley Jackson
Novecento, Alessandro Baricco
Seda, Alessandro Baricco



4 AVALIACIÓN

-Atendendo ós criterios de avaliación expostos no noso proxecto de biblioteca escolar, temos que destacar que a dispoñibilidade dos profesores de garda de biblioteca mellorou. . No curso 2018-2019, no primeiro e segundo trimestre, as únicas horas de traballo de biblioteca, fóra do recreo (onde domina a actividade de préstamo), foron 6. A situación mellorou con respecto a cursos precedentes pero seguen sendo insuficientes

para dar unha atención completa ó alumnado. No último trimestre aumentan as horas presenciais fóra do recreo, 14, grazas a incorporación dos compañeiros de ciclos formativos. Temos o compromiso do equipo directivo da continuidade do Equipo de Biblioteca para seguir creando unha biblioteca con capacidade de adaptación, e iniciativa sendo un elemento clave para a innovación pedagóxica.

-En canto ó funcionamento e utilidade do programa MEIGA, a avaliación é positiva para a catalogación e o servizo de préstamo, pero deben ser melloradas as opcións do programa que permiten a obtención de estatísticas de libros e usuarios e a posibilidade de traballar importando rexistros desde a Biblioteca Nacional que é a máis completa para os materiais que nós temos e que nos facilita moito o traballo de rexistro e catalogación.

-Respecto á dispoñibilidade dos documentos e o servizo de préstamo, non houbo dificultades salientables. **Os fondos catalogados neste curso, a mediados de maio, foron: material textual 350 volumes e 48 audiovisuais mellorando de xeito significativo a súa presenza en relación a cursos precedentes.** No tocante ás estatísticas de uso os préstamos realizados (libros, DVDs e CDs) foron 800; a lectora máis activa foron dúas alumnas de terceiro da ESO con máis de 30 préstamos cada unha, entre o profesorado a profesora de Galego levou 17 préstamos ó longo do curso. De novo reveláronse os cursos inferiores como os lectores máis activos, destacando unha clara maioría feminina. Os textos máis prestados son:

1 *Cartas de Inverno de A.F.Paz*

2 *La Chica invisible de Blue Jeans*

3 *Nada de Jane Teller*

4 *This Summer de Jillian Tamaki e Mariko Tamaki*

5 *Xoeliqui, os ordenadores apagados de A.Carreiro*

6 *A cabeza da medusa de Marilar Alexandre*

Por xéneros destacan como máis prestados a novela romántica e a novela de aventuras. Algo reflectido tamén na avaliación final que pasamos ós rapaces:



BIBLIOTECAS ESCOLARES E HÁBITOS DE LECTURA

Pedímosche colaboración para coñecer os hábitos de lectura do alumnado. Le con atención e sinala cun X a túa resposta. Grazas pola túa axuda.

Datos do centro: Nome do centro: _____

Localidade: _____ Provincia: _____ Rapaza ___ Rapaz ___

Cuestionario:

1. Acostumas ir á biblioteca do teu centro...

- Nos recreos
- En horario de clase
- Fóra do horario de clase
- Non vou nunca

2. Con que frecuencia acodes á biblioteca escolar do teu centro, pola túa conta?

- Case todos os días
- Unha ou dúas veces á semana
- Unha ou dúas veces ao mes
- Algunha vez durante o curso
- Nunca

3. Con que frecuencia vas á biblioteca escolar, cos teus profesores ou profesoras?

- Case todos os días
- Unha ou dúas veces á semana
- Unha ou dúas veces ao mes
- Algunha vez durante o curso
- Nunca

4. O que máis utilizas na biblioteca son (podes marcar tres tipos de materiais)

- Relatos, novelas, poesía, teatro
- Revistas e xornais
- Cómico
- Dicionarios e enciclopedias
- Vídeos, CD ou DVD

5. Sinala as actividades que realizas cando vas á biblioteca:

- Ler libros (relatos, novela, cómic, poesía...)
- Ler revistas e xornais
- Xogar empregando o material do espazo fedelleiro.
- Consultar dicionarios, enciclopedias e outros libros informativos
- Consultar información en internet
- Ver películas ou escoitar música
- Estudar, facer os traballos de clase
- Elaborar traballos empregando o ordenador
- Levar libros en préstamo
- Enviar correos electrónicos, "chatear", xogar no ordenador.
- Participar en actividades de animación á lectura (exposicións, presentacións ou charlas sobre libros, club de lectura, encontros con autores...)
- Participar en actividades de educación en información (aprender a usar os materiais da biblioteca, a facer traballos consultando enciclopedias, a buscar información en internet...)
- Outras:.....

6. Que tipo de materiais acostumas levar en préstamo?

- Libros que me gustan
- Libros de lectura obrigatoria en determinadas materias ou disciplinas
- Libros para realizar traballos de clase
- Películas e/ou música

7. Como che gustaría que mellorase a biblioteca do teu centro?

- Que houbese máis libros do meu gusto
- Que houbese máis documentos electrónicos (DVD, CD-ROM...)
- Que houbese máis información sobre os temas que me interesan.
Cales? _____
- Que a biblioteca estivese aberta máis horas
- Utilizala co profesorado, con maior frecuencia
- Que houbese máis ordenadores conectados a internet
- Que houbese máis actividades interesantes sobre lectura (club de lectura, charlas, presentacións...)
- Que se puidesen facer traballos en grupo
- Que se puidesen facer os traballos coa orientación dun profesor, fóra do horario de clases

Que houbera máis espazo para ler e para traballar

8. Vas algunha vez á biblioteca pública do teu barrio ou do teu pobo?

- Ás veces
 Con moita frecuencia
 Case nunca
 Nunca

9. Gústache ler?

- Algo
 Bastante
 Moito
 Nada

10. Se estás a ler neste momento algún libro, ¿de onde procede?

Préstamo biblioteca escolar biblioteca pública biblioteca familiar amigos/as
 Propio

11. ¿Que che inflúe na elección dun libro? Recomendación de

amigos/as profesores/as familia publicidade

12. As persoas coas que vives len:

- Algo
 Bastante
 Moito
 Nada

13. Calcula cantos libros haberá na túa casa

0 / 10 10 / 50 50 / 100 Máis de cen

14. Cantos libros les ao mes?

Ningún 1-2 3-5 Máis de 5

15. Que che gusta ler máis? Ordena do 1 ao 10

3 Poesía Libros de coñecemento
 Contos Revistas
1 Novelas Xornais
2 Cómic Literatura multimedia
 Teatro Outros

- O máis salientable é que os alumnos acostuman ir nos recreos unha ou dúas veces or semana. Este curso mellorou a presenza do profesorado impartindo clases na biblioteca, algo que dende o equipo consideramos como moi positivo. Na biblioteca maioritariamente realizan traballos, **xogan (notable incremento con respecto a cursos pasados)**, levan préstamos, empregan os ordenadores, para xogar ou traballar, e asisten a actividades e exposicións.


-Entre o máis lido destacan novelas e novela gráfica. **Segue mellorando tamén a posición da poesía**, en parte porque, dende o curso pasado, creamos unha sección diferenciada. Os alumnos demandan máis libros relacionados cos seus gustos, por iso este ano creamos un buzón de peticións para satisfacer mellor a súa demanda. **Destacan as solicitudes de novela romántica.**

-Respecto ao nivel de formación dos usuarios temos que destacar a colaboración dos profesores que usaron a biblioteca como aula, traballando na localización e uso de documentos e recursos informáticos en 1º de ESO.

-Tocante ao programa de actividades de animación á lectura, tivemos ampla participación nas que se realizaron. As estatísticas amosan un número de préstamos que indica un nivel do hábito lector aceptable.

-A utilización na biblioteca das novas tecnoloxías da información foi constante ao longo do curso, o que permitiu mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. De todos os xeitos observamos problemas no uso dos ordenadores nos recreos, e unha certa masificación antes das avaliacións pola entrega de traballos.

-A valoración xeral do funcionamento do noso proxecto de biblioteca escolar por parte da comunidade educativa é positiva, consideramos necesario continuar no PLAMBE para acadar os novos obxectivos dende a coordinación.



- Consistirá en vinte minutos diarios de lectura libre en TODOS os cursos da ESO durante os **primeiros vinte minutos da clase**.
- O alumno elixirá o libro de lectura (obrigatorio ou non) sen máis límites que o sentido común.

- O aporte horario á HORA DE LER será a contribución **mínima** das materias ao PROXECTO LECTOR. Ademais cada materia poderá ter un programa lector propio con actividades relacionadas coa natureza dela.
- En **diversificación curricular** seguirase o horario xeral sempre que sexa posible e non se desequilibre a carga horaria dos ámbitos.
- O sistema de organización da HORA DE LER será o seguinte:
 - a) O tempo de lectura será o mesmo para toda secundaria (todos len á primeira hora, á segunda etc...) .
 - b) Para evitar a concentración nalgúns materias a HORA DE LER modificarase cada semana. **A primeira semana, a 1ª hora.
A segunda semana , a 2ª hora.
A terceira semana, a 3ª hora. etc...**

Pola tarde **non haberá** HORA DE LER . Cada quenda terá unha duración de seis semanas (en principio repetiranse cinco veces ao longo do curso escolar). Colocarase un plan mensual informativo nos taboleiros de cada aula e na mesa do profesor.

- c) Os profesores reflectirán no dorso do parte o cumprimento ou alteración do horario de lectura libre e calquera incidencia que teña que ver con ela.
- d) O titor, na primeira sesión de tutoría cos alumnos, explicará o funcionamento da HORA DE LER, e insistirá na **obligatoriedade da mesma**. Cada alumno traerá o seu propio libro e, en caso de non ter ningún, poderá pedilo prestado á biblioteca escolar **que está aberta todos os recreos**.
- e) Os alumnos que non traian libro e non poidan acceder á biblioteca nese momento, disporán de libros na Sala de Profesores previa petición ó profesor de garda. A falla reiterada do material de lectura por parte dalgún alumno, suporá unha falta de orde.
- f) O equipo de biblioteca avaliará coa colaboración do profesorado e alumnado a HORA DE LER atendendo ao número de sesións realizadas, ao número de títulos lidos, ás variacións dos hábitos lectores e ao grao de satisfacción da comunidade escolar.

Tendo en conta que a competencia lingüística é unha das debilidades do noso centro, consideramos moi importante que o profesorado se implique na mellora do nivel lector dos nosos alumnos xa que redundará en beneficio dos resultados académicos e da calidade do ensino do noso centro.

CALENDARIO SEMANAL “HORA DE LER”

CALENDARIO SEMANAL “HORA DE LER” 2018-2019 1ª AVALIACIÓN para todos os cursos da ESO

SEMANA DO 1 AO 5 DE OUTUBRO	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 8 AO 12 DE OUTUBRO	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA 15 AO 19 DE OUTUBRO	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase
SEMANA DO 22 AO 26 DE OUTUBRO	4ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 4ª hora de clase
SEMANA DO 29 DE OUTUBRO AO 2 DE NOVEMBRO	5ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 5ª hora de clase
SEMANA DO 5 AO 9 DE NOVEMBRO	6ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 6ª hora de clase
SEMANA DO 12 AO 16 DE NOVEMBRO	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 19 AO 23 DE NOVEMBRO	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 26 DE NOVEMBRO AO 30 DE NOVEMBRO	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase

CALENDARIO SEMANAL “HORA DE LER” PARA A 3ª AVALIACIÓN para todos os cursos da ESO

SEMANA DO 1 DE ABRIL O 5 DE ABRIL	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 8 AO 12 DE ABRIL	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 23 AO 26 DE ABRIL	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase
SEMANA DO 29 DE ABRIL AO 3 DE MAIO	4ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 4ª hora de clase
SEMANA DO 6 AO 10 DE MAIO	5ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 5ª hora de clase
SEMANA DO 13 AO 17 DE MAIO	6ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 6ª hora de clase
SEMANA DO 20 AO 24 DE MAIO	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 27 AO 31 DE MAIO	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 3 AO 7 DE XUNO	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase

CALENDARIO SEMANAL “HORA DE LER” PARA A 2ª AVALIACIÓN para todos os cursos da ESO

SEMANA DO 8 AO 11 DE XANEIRO	4ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 4ª hora de clase
SEMANA DO 14 AO 18 DE XANEIRO	5ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 5ª hora de clase
SEMANA DO 21 AO 25 DE XANEIRO	6ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 6ª hora de clase
SEMANA DO 28 AO 1 DE FEBREIRO	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 4 AO 8 DE FEBREIRO	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 11 AO 15 DE FEBREIRO	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase
SEMANA DO 18 AO 22 DE FEBREIRO	4ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 4ª hora de clase
SEMANA DO 25 AO 1 DE MARZO	5ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 5ª hora de clase
SEMANA DO 4 AO 8 DE MARZO	6ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 6ª hora de clase

5 PREVISIONS DE FUTURO

Esbozamos as nosas liñas directrices para o curso vindeiro. Malia as dificultades horarias do equipo queremos ser optimistas e estamos convencidos que o mellor está por vir.

-Organización e xestión: Incrementar o número de fondos audiovisuais. Chegar ó obxectivo dos 1000 préstamos ó que nos achegamos todos os anos.

-Laboratorio de aprendizaxes: Traballos por proxectos tomando como referencia o traballado no día da Ciencia en Galego. Implicar neste laboratorio creativo ós ciclos formativos.

-Alfabetizacións múltiples: Continuidade da gamificación dende a Biblioteca. Aumentar o número de alumnos colaboradores. Apadriñamento lector..

-Fomento da lectura: Clube de lectura de alumnos e pais. Fomento da lectura nos ciclos formativos. Creación do pasaporte cultural.

-Biblioteca inclusiva: Incrementar o catálogo con referencias para alumnado con necesidades educativas especiais.

-Competencia informacional: Renovar catálogo de libros no formato electrónico.

-Outras actuacións: Expurgo e mantemento da biblioteca como lugar de encontro para alumnos mediadores.

-Avaliación: Non incidir na fase final do proceso. Xerar enquisas sobre preferencias lectoras. Avaliar ó profesorado sobre o traballo da biblioteca.

Coordinador da Biblioteca


Carlos Pérez Seara



VISADO: Directora do IES 12 DE OUTUBRO. BEATRIZ RODRÍGUEZ REGO

Maio 2019.

A directora



Asdo. Beatriz Rodríguez Rego